Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

II / 2022

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. O actual contexto internacional está caracterizado por un elevado grado de incerteza, derivado, entre outros factores, pola invasión da Ucraína, do impacto de posibles confinamentos en centros manufactureiros de China, do retraso de abastecementos de insumos necesarios para a industria manufactureira, ou o retraso da execución dos fondos europeos. Porén, a persistente tensión inflacionista constitúe a gran ameaza da economía polo seu impacto no consumo das familias, deterioro das expectativas empresariais e por tanto caída do investimento, e incluso na supervivencia de moitas micropemes. En marzo os prezos medraran un 10,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, sendo esta porcentaxe o 38,9% no caso da vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles, ou do 21% nos bens industriais (21,8% e 14,6%, respectivamente). A inflación subxacente sitúase no 3,9% en marzo de 2022.

2. Impulsado pola demanda interna e, en maior medida, pola demanda externa, a economía galega medrou un 5,1% en taxa interanual no primeiro trimestre, porcentaxe significativamente inferior á media estatal (6,3%), así como á do conxunto da UE-27, cun 5,6%, onde salientan Portugal cunha medra do 11,9% impulsada pola achega da demanda interna. A recuperación da actividade económica segue a ser incompleta en Galicia e España a diferenza do que acontece na UE-27, Portugal, Francia ou Italia, que superaban xa o nivel existente no cuarto trimestre de 2019. A economía galega atópase nun 98,4% do nivel prepandemia, situación considerablemente mellor que o conxunto de España e da maioría das Comunidades Autónomas. Deste xeito, malia o empeoramento das expectativas, Galicia pode voltar a superar o 100% antes de que remate o ano 2022, circunstancia que xa non resulta posible para a economía española.

3. No concernente á demanda interna, o elemento -negativo- diferencial é unha nova redución do investimento, que descende de maneira continuada dende o cuarto trimestre de 2019 (agás no segundo trimestre de 2021). O investimento contráese un 2,5% o que contrasta coa medra do 6,5% en España. O consumo presenta un menor dinamismo que na economía española, por mor dunha medra do consumo privado do 4,8% fronte ao 3,2% en Galicia. No caso do sector exterior, fronte ao incremento interanual das exportacións volven a reducirse as compras fóra de Galicia. En relación ao nivel precrise, a devandita recuperación incompleta débense ao comportamento do consumo privado e, sobre todo, a caída do investimento.

4. Dende o punto de vista da oferta, o crecemento do PIB en Galicia explícase en boa medida polo comportamento do sector servizos, impulsado polas actividades do comercio, transporte e hostaleira (no ano anterior aínda existían restricións á actividade); e o sector primario, o que contras-

ta coa contracción experimentada tanto pola construción como polo conxunto da actividade industrial (incluídas as actividades extractivas, manufactureiras e enerxéticas) a pesar da medra que presenta a industria manufactureira). Comparado co total estatal, o sector primario, os servizos e a industria manufactureira presenta unha evolución máis favorable, a diferenza do que acontece coa construción e a industria considerada no seu conxunto, que presentan en España taxas de variación interanuais positivas.

5. O primeiro trimestre de 2022 consolida en Galicia, case de xeito xeneralizado, o proceso de traslado da reactivación da actividade económica acontecido en 2021 ao mercado laboral. Os seus principais indicadores reflicten unha evolución favorable, agás no caso da poboación parada e taxa de paro que amosan unha tendencia desfavorable respecto á finalización de 2021. A poboación activa galega recuperou no primeiro trimestre de 2022 a tendencia crecente rachada en decembro de 2021. Sen embargo, non se chegou a acadar o máximo de persoas en activo do terceiro trimestre do pasado ano, acontecendo algo semellante coa taxa de actividade.

6. Na evolución trimestral da ocupación en Galicia recollida en taxas pode comprobarse como, tralo espectacular incremento acontecido no segundo trimestre de 2021 (consecuencia do shock da pandemia), dende a segunda metade do ano pasado mantense unha tendencia crecente tanto en termos de postos de traballo a tempo completo como de afiliacións á Seguridade Social. En canto á evolución do desemprego, é neste indicador onde se recollen os peores datos na evolución do mercado laboral galego. No primeiro trimestre continuouse a senda crecente comezada no último trimestre de 2021 na poboación parada e a súa taxa de paro. O trazo positivo haino que buscar no paro de longa duración que, tralo incremento do pasado trimestre, voltou a recuperar a súa tendencia decrecente.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Xullo de 2022

I- ANÁLISE DE CONTAS

Actividade económica en Galicia no primeiro trimestre de 2022. Elevado grado de incerteza e unha gran ameaza, a espiral inflacionista

O contexto internacional no que se desenvolve a economía galega está caracterizado por un elevado grado de incerteza derivado da invasión da Ucraína, así como do impacto de posibles confinamentos en centros manufactureiros de China, ou o retraso da execución dos fondos europeos. Xunto a isto, a persistente tensión inflacionista constitúe a gran ameaza da economía polo seu impacto no consumo das familias, deterioro das expectativas empresariais e por tanto caída do investimento, e incluso na supervivencia de moitas micropemes. Neste contexto organismos internacionais ou o Banco de España están a reducir as previsións de crecemento das principais economías.

Entre xaneiro e marzo a economía galega medrou un 5,1%, porcentaxe significativamente inferior á media estatal (6,3%). No conxunto da UE-27 a taxa de variación interanual ascende a 5,6%, salientando Portugal cunha medra do 11,9% impulsada pola achega da demanda interna, e Italia, co 6,2%; mentres Alemaña segue presentando unha medra inferior á media comunitaria, cun 3,8%. A recuperación da actividade económica segue a ser incompleta en Galicia e España a diferenza do que acontece na UE-27, Portugal, Francia ou Italia, que superaban xa o nivel existente no cuarto trimestre de 2019.

O crecemento agregado do PIB galego caracterízase por unha contribución positiva tanto da demanda interna como externa, sendo esta última moito máis acusada (1,5 e 3,6 puntos, respectivamente). No concernente á demanda interna, o elemento -negativo- diferencial é unha nova redución do investimento, que descende de maneira continuada dende o cuarto trimestre de 2019 (agás no segundo trimestre de 2021). No caso do sector exterior, fronte ao incremento interanual das exportacións volven a reducirse as compras fóra de Galicia. En relación ao nivel precrise, a devandita recuperación incompleta débense ao comportamento do consumo privado e, sobre todo, a caída do investimento.

Dende o lado da oferta, o crecemento do PIB en Galicia explícase en boa medida polo comportamento do sector servizos, impulsado polas actividades do comercio, transporte e hostaleira (no ano anterior aínda existían restricións á actividade); e o sector primario, o que contrasta coa contracción experimentada tanto pola construción como polo conxunto da actividade industrial (incluídas as actividades extractivas, manufactureiras e enerxéticas) a pesar da medra que presenta a industria manufactureira

Actividade económica

A consolidación da reactivación da economía galega a partir do segundo semestre de 2021 prodúcese nun contexto internacional caracterizado en primeiro lugar por un elevado grado de incerteza derivado en boa medida polo impacto negativo da invasión da Ucraína, así como a incidencia de novos confinamentos en centros manufactureiros de China, que afecta á cadea de subministro de industria manufactureiras e ao comercio internacional, ou o retraso da execución dos fondos europeos. Xunto a estes tres factores, a persistente tensión inflacionista constitúe a gran ameaza da economía non só polo seu impacto no consumo das familias, que ven como se deteriora o seu poder adquisitivo, senón tamén polo empeoramento das expectativas empresariais e por tanto unha posible contracción do investimento, e que incluso dana a supervivencia de moitas micropemes. Neste contexto, as últimas previsións publicadas por organismos internacionais ou o propio Banco de España están a corrixir as súas previsións de crecemento das principais economías á baixa.

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas. Taxas de variación interanual



	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I
	2020					2021				2022
Zona euro	1,2	-3,1	-14,7	-3,9	-4,2	-0,9	14,7	4,0	4,7	5,4
UE-27	1,4	-2,5	-13,8	-3,8	-4,0	-0,8	14,1	4,2	4,9	5,6
Alemaña	0,9	-1,9	-11,3	-3,7	-2,9	-2,8	10,4	2,9	1,8	3,8
Francia	1,0	-5,3	-18,9	-3,2	-4,2	1,8	19,2	3,0	4,9	4,5
Portugal	2,8	-2,6	-17,9	-6,3	-6,8	-5,4	16,5	4,4	5,9	11,9
España	1,7	-4,3	-21,5	-8,7	-8,8	-4,1	17,8	3,5	5,5	6,3

Fonte: Eurostat e INE

O conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e os da zona euro experimentan no primeiro trimestre de 2022 unha medra interanual da súa actividade económica do 5,6% e 5,4%, respectivamente. Entre as principais economías da zona euro, cómpre resaltar en primeiro lugar o forte dinamismo da economía portuguesa, que entre xaneiro e marzo medra un 11,9% respecto ao mesmo período do ano anterior impulsada pola achega demanda interna ao crecemento agregado do PIB (10,1 puntos), entre cuxos compoñentes salienta o dinamismo do consumo privado (12,6%

Evolución do PIB real na UE-27 e nas principais economías europeas, 2019-2022. (Base 4 trimestre 2019 = 100)



Fonte: Eurostat

respecto ao ano anterior). España, que sufriu o impacto inicial da crise máis acusado entre as principais economías europeas, presenta unha taxa de crecemento superior á media comunitaria, cunha medras interanual do 6,3%, situándose esta porcentaxe no 6,2% en Italia e no 4,5% en Francia. Por contra, Alemaña mantén un crecemento interanual inferior á media comunitaria e da zona euros, cunha medra do 3,8% no primeiro trimestre do ano.

Tras a devandita evolución do PIB, Portugal supera no primeiro trimestre o nivel de actividade previo á pandemia, igualándoo a economía italiana. Como se reflicte no gráfico, entre as principais economías tan só o PIB de Alemaña e, sobre todo, de España aínda non acadou o nivel rexistrado no cuarto trimestre de 2019; en concreto, a economía alemá atópase aínda nove

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2022. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

(1) A análise dos datos de crecemento interanuais están condicionados polo feito de que no primeiro trimestre do ano anterior aínda existían importantes restricións derivadas da pandemia.

décimas por baixo do nivel precrise, sendo este diferencial de 3,6 puntos no caso de España. Cómpre resaltar que no terceiro trimestre de 2020 tanto Francia como a UE-27 presentaban un PIB (termos reais) superior ao do último trimestre de 2019.

No que á evolución da economía galega se refire, tendo en conta que o impacto da crise orixinada pola COVID ao longo de todo o ano 2020 e primeiro trimestre de 2021 é menor en Galicia que no conxunto do Estado, coa reactivación da economía a partir do segundo trimestre de 2021, o PIB en Galicia presenta taxas de variación interanuais inferiores ás do conxunto do Estado. No primeiro trimestre de 2022 a actividade económica medrou un 5,1% respecto ao ano precedente fronte ao 6,3% de media en España (contraíase un 2,4% e 4,1% no mesmo período do ano anterior, respectivamente).

A pesar de que a orixe da crise económica de 2008 e a de 2020 son distintas, se se compara o seu impacto inicial na actividade económica de Galicia e España, a incidencia desta última é significativamente superior, pero a súa recuperación tamén semella que vai ser moito máis intensa. Tomando coma referencia o valor máis elevado do PIB antes da crise, o PIB

galego atópase no primeiro trimestre de 2022 un 1,6% por baixo do nivel anterior ao comezo da crise sanitaria sendo esta porcentaxe do 3,6% no caso da economía española. En termos comparados cómpre resaltar que transcorridos os mesmos trimestres dende o inicio da crise económica e financeira de 2008, o PIB galego situábase 3,3 puntos por baixo do nivel precrise, sendo este diferencial de 4,1 puntos no caso de España.

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo previo á crise, 2008 e 2022



Fonte: IGE e INE

(1) A recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, superando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española o superara no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido acadouse en Galicia no derradeiro trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao primeiro trimestre de 2013 no caso de España (20 trimestres).

Evolución da actividade económica 2020-2022. (Base 4 trimestre 2019 = 100)



Fonte: IGE e INE

Se a comparación se fai coa evolución noutras CC.AA. tomando como referencia a situación existente no momento antes da pandemia (cuarto trimestre 2019), a comunidade autónoma de Navarra mantén un mellor comportamento que a economía galega. No primeiro trimestre de 2022 a actividade económica de Navarra acadaba un nivel próximo ao rexistrado antes da pandemia, situándose tan só dúas décimas por baixo do valor do cuarto trimestre de 2019, fronte aos devanditos 1,6 puntos por baixo no caso da economía galega. A recuperación da actividade económica galega segue a ser superior á de Cataluña e País Vasco, que no primeiro trimestre do ano situábase case tres puntos por baixo do nivel previo á pandemia; en concreto, 2,8 e 2,7 puntos porcentuais, respectivamente.

DEMANDA AGREGADA

A reactivación da actividade económica en Galicia e España ven motivada tanto por unha achega positiva da demanda interna como da externa. Sen embargo, mentres que o inicio da reactivación económica ven motivado por unha forte contribución da demanda interna en ambos territorios, a consolidación da reactivación económica en Galicia explícase por unha achega da demanda externa superior á demanda interna ao contrario do que acontece no conxunto do Estado.

O cadro macroeconómico de Galicia

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2022



Fonte: IGE e INE

reflicte que no primeiro trimestre do ano a demanda externa achega 3,6 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB en tanto que no mesmo trimestre do ano anterior detraía 1,7 puntos (aporta 1,2 puntos no primeiro trimestre de 2019). No conxunto do Estado a demanda externa contribúe en menor medida que en Galicia ao seu crecemento agregado do PIB, con 2,3 puntos (detrae un punto no mesmo período do ano anterior). Por contra, a demanda interna presenta en Galicia unha achega positiva de 1,5 puntos, contribución que se sitúa en 4,0 puntos para o conxunto da economía española (-0,7

e -3 puntos no ano anterior). Entre os compoñentes da demanda interna, o gasto en consumo final medra un 2,4% respecto ao ano anterior impulsado polo dinamismo do consumo privado, que presenta un crecemento interanual do 3,2%. No ano anterior, o gasto en consumo contraíase un 0,4%, e o consumo privado un 1,8%. O devandito dinamismo do consumo no primeiro trimestre de 2022 contrasta cunha nova redución do investimento, medida en termos de formación bruta de capital, que presenta unha taxa de variación interanual de -2,5%, porcentaxe similar á do ano anterior. Como reflicte o cadro macroeconómica de Galicia, o impacto da crise nótase de maneira significativa neste último compoñente, que descende de maneira continuada dende o cuarto trimestre de 2019 (agás no segundo trimestre de 2021 por mor do efecto estatístico tras a caída do mesmo trimestre do ano anterior).

En comparación co acontecido en Galicia, a principal diferencia atópase no comportamento do investimento. Fronte á devandita contracción do investimento en Galicia, este medra en España por cuarto trimestre consecutivo, mantendo no primeiro trimestre do ano unha taxa de variación interanual do 6,5%. Doutra banda, o gasto en consumo final presenta un maior dinamismo no conxunto do Estado, por mor da evolución do consumo privado

Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2022. Taxas de variación interanual.

%

	2019	2020	2021	2020/I	2020/II	2020/III	2020/IV	2021/I	2021/II	2021/III	2021/III	2022/I
Produto Interior Bruto	1,1	-8,9	5,2	-4,3	-17,9	-6,4	-7,0	-2,4	16,0	3,5	5,1	5,1
Demanda												
Gasto en consumo final	-1,4	-7,2	3,7	-5,0	-16,6	-3,8	-3,4	-0,4	14,4	1,1	1,2	2,4
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,5	-11,4	4,2	-8,2	-22,6	-6,3	-8,2	-1,8	17,6	0,1	3,0	3,2
AA. Públicas	1,8	4,8	2,7	4,7	0,9	3,0	10,4	3,4	7,2	3,7	-3,1	0,3
Formación Bruta de Capital	3,7	-11,8	1,1	-8,2	-23,9	-8,5	-6,3	-2,5	16,0	-3,3	-3,5	-2,5
Achega demanda interna ao PIB	-0,6	-7,9	3,2	-5,5	-17,6	-4,5	-3,8	-0,7	14,4	0,4	0,4	1,5
Exportacións	0,6	-5,8	9,9	-0,8	-23,7	2,3	-1,7	4,7	38,0	-0,3	4,8	4,3
Importacións	-2,5	-4,0	6,5	-3,2	-23,7	6,0	4,5	8,3	35,6	-5,8	-3,4	-2,0
Achega demanda externa ao PIB	1,7	-1,0	2,0	1,2	-0,3	-1,9	-3,2	-1,7	1,6	3,1	4,7	3,6
Oferta												
Sector primario	0,2	-3,9	-0,5	-2,7	-3,1	-3,7	-5,9	-3,3	-0,8	0,0	2,4	1,0
Industria	-6,9	-9,2	4,1	-6,3	-20,9	-4,6	-5,1	0,5	18,0	0,8	-0,5	-4,5
Industria manufactureira	0,0	-10,4	6,1	-4,1	-27,8	-5,4	-4,5	-0,5	28,0	0,1	2,2	2,1
Construción	5,8	-9,4	-2,4	-3,2	-19,3	-7,2	-7,7	-7,0	8,5	-5,0	-4,4	-1,8
Servizos	2,9	-8,8	6,6	-3,7	-17,8	-6,5	-7,3	-2,5	17,5	4,9	7,9	8,7
Comercio, transporte e hostalería	0,4	-21,9	15,0	-10,6	-39,8	-17,4	-19,9	-10,2	46,7	12,2	22,7	23,9
Información e comunicacións	11,4	0,2	-0,1	9,5	-5,1	-1,1	-2,1	-7,6	0,6	0,4	6,8	11,9
Actividades financeiras e de seguros	1,4	4,8	6,7	-0,6	5,1	7,5	7,1	13,3	8,8	4,8	0,8	-0,6
Actividades inmobiliarias	1,4	-0,1	0,3	0,6	0,0	-0,5	-0,6	-0,3	0,2	0,5	0,8	1,0
Actividades profesionais	11,6	-10,2	4,8	-3,9	-25,3	-5,1	-6,6	-1,2	27,3	-1,5	-0,5	4,0
Administración pública, sanidade e educación	2,2	1,0	3,2	1,9	-0,3	0,5	2,0	2,3	4,6	4,4	1,7	1,6
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	5,9	-20,1	9,6	-9,9	-41,9	-13,3	-15,1	-4,4	50,2	2,1	4,1	2,6

Fonte: IGE

(4,8% en España), mentres que o gasto das administracións públicas contráese lixeiramente en España (-0,4%).

Atendendo á evolución destes compoñentes da demanda interna desde o inicio desta crise económica orixinada

PIB real en Galicia e España no primeiro trimestre de 2022. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



pola COVID, o gasto en consumo final, impulsado polo comportamento do gasto das familias, presenta tanto en Galicia como en España un nivel inferior ao rexistrado no derradeiro trimestre de 2019, se ben a crise incide de maneira máis intensa no conxunto do Estado. En concreto, o nivel do gasto en consumo final en España é un 4,8% inferior ao nivel precrise fronte ao 2,1% en Galicia. Atendendo á evolución dos dous compoñentes do gasto, mentres que o consumo dos fogares redúcese un 5,4% entre os dous trimestres considerados, case tres puntos menos que en España (-8,1%), o gasto en consumo das administracións públicas atópase neste primeiro trimestre do ano 7,4 puntos por riba (5,3% en España). Por último, cómpre mencionar a desigual evolución do investimento, xa que mentres que no conxunto do Estado sitúase neste primeiro trimestre por riba do nivel precrise (0,4%), en Galicia esta variable atópase aínda máis de nove puntos por baixo (9,3% inferior).

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que no primeiro trimestre de 2022 a demanda externa contribúe ao crecemento agregado do PIB con 3,6 puntos porcentuais, influenciado por unha me-

Fonte: IGE e INE

PIB real en Galicia e España no primeiro trimestre 2022. Indicadores de demanda. Base IV trimestre 2019 = 100



Fonte: IGE e INE

dra do 4,3% das exportacións e unha contracción do 2% no caso das importacións. No conxunto do Estado as vendas de bens e servizos ao exterior rexistraron unha medra de 18,1% aumentando as importacións un 11,7%, situándose a contribución positiva da demanda externa en 2,3 puntos. Cómpre resaltar que tanto as exportacións como importacións galegas e españolas recuperaron no primeiro trimestre o nivel precrise; en concreto, o cadro macroeconómico sinala que as exportacións en Galicia superan un 4,3% o valor do cuarto trimestre de 2019 (1,1% en España), e as importacións o fan nun 1,5%, unha décima menos que en España.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas no primeiro trimestre do ano 2022 medra un 23,9% respecto ao ano anterior, acadando os 6.762,9 millóns de euros (1.305,8 millóns máis), o que supón o valor máis elevado nun primeiro trimestre. Este incremento ven motivado en boa medida polo comportamento experimentado polo sector téxtil-confección, que aumenta un 69,4% (601,6 millóns de euros) o valor das súas vendas a terceiros países e se sitúa como

primeiro sector exportador por diante do automóbil, e polo sector enerxético, cuxas exportacións máis que se triplican (432,1 millóns de euros). Por contra, pola súa importancia cómpre mencionar a caída das exportacións do sector automóbil no seu conxunto, cun descenso interanual superior ao 20% (354,5 millóns menos). Tras esta evolución, entre xaneiro e marzo as exportacións galegas correspondentes ao sector téxtil-confección representan 21,7%, fronte ao 20,3% do sector do automóbil. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal mantense no 7,5%, porcentaxe tan só superado nun primeiro trimestre no período 2008-2011.

Por último, no concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, cómpre resaltar en primeiro lugar o incremento do superávit rexistrado

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2008-2022.



Fonte: ICEX

polas manufacturas de consumo, que acada un saldo positivo de 789 millóns de euros, importe 262 millóns superior ao do ano anterior (49,7%). Esta medra explícase polo comportamento do téxtil-confección, cuxo superávit ascende ata os 714,4 millóns de euros, un 51,3% máis que no mesmo período do ano anterior (242,3 millóns máis). Asemade, no ámbito do automóbil (140,2 millóns de superávit, un 143,6% superior), o subsector de fabricación de automóbiles rexistra unha redución do superávit, que se sitúa en 828 millóns de euros (23,8% inferior), descendendo ao mesmo tempo o saldo deficitario

das vendas de compoñentes de motor, que se sitúa en 687,8 millóns (-1.029,4 millóns no primeiro trimestre do ano anterior. Por último cómpre mencionar que o sector dos alimentos triplica o seu déficit no primeiro trimestre do ano, acadando os 336,1 millóns de euros, influenciado en parte polo comportamento da pesca, cuxo saldo negativo ascende a 215,1 millóns de euros, case o dobre do rexistrado no ano anterior (109,2 millóns en 2021).

• Licitación de obra pública e Investimento público 2021.

Antes de analizar o comportamento dos distintos sectores produtivos galego no primeiro trimestre do ano cómpre facer referencia la licitación pública ao investimento público no ano 2021 atendendo aos distintos niveis administrativos.

Dunha banda, o importe total da licitación de obra pública aumentou en Galicia un 58,5%, catro puntos e medio por baixo do rexistrado no conxunto do Estado, impulsado, fundamentalmente, polo comportamento da Administración Xeral do Estado (AXE). En termos nominais, a licitación pública acadou os 1.836,1 millóns de euros, 677,6 millóns de euros máis que en 2020, o que supón o 7,7% do total estatal.

Exportacións galegas 2021-22. Principais destinos e sectores económicos





Os tres niveis administrativos presentan en 2021 unha medra no importe das súas licitacións. Dunha banda, a AXE, tras a caída do ano anterior (-2,8%) presenta un incremento interanual do 185,7% e acada os 803,1 millóns de euros (43,7% da licitación total en Galicia). Neste ámbito salienta, polo seu importe, o investimento do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana , con 586,8 millóns de euros (162,5% máis que en 2020), ascendendo a licitación pública do Ministerio de Transición Ecológica os 115,3 millóns de euros (tan só 2,1 millóns no ano anterior).

A licitación pública da Administración Autonómica aumenta no último ano un 1,4% para acadar os 559,1 millóns de euros, o que representa o 30,4% da licitación pública total en Galicia. Ao mesmo tempo, a licitación da Administración Local medra un 45,2% no último ano para situarse nos 473,9 millóns de euros, o 25,8% do total.

A provincia con maior volume de licitación de obra pública é A Coruña con 800,3 millóns de euros en 2021, o 43,6% da licitación total de Galicia. Séguelle Ourense, que multiplica por seis o valor das licitacións, con 347,3 millóns (18,9%) e Lugo, con 298,1 millóns de euros (16,2%). Pontevedra é a única provincia que presenta unha redución interanual da licitación pública, cunha caída do 23,2%, acadando os 293,2 millóns de euros , o que supón o 16% do total galego.

Dunha banda, no concernente ao investimento público, os datos do Ministerio de Hacienda sinalan que o investimento da Administración Xeral do Estado ascendeu en 2021 ata os 199,1 millóns de euros, o que supón o 2,7% das obrigas totais recoñecidas (4,8% do total rexionalizable). Este investimento supón o 69,7% do crédito inicial, porcentaxe case vinte puntos inferior ao rexistrado no conxunto do España.

Máis da metade do investimento corresponde o Ministerio de Transporte, Movilidad y Afenda Urbana, con 110,5 millóns de euros (55,5% do total), o que supón o 56,4% dos créditos inciais. A continuación sitúase o investimento do Ministerio de Defensa, con 66,9 millóns de euros, un terzo das obrigas recoñecidas en Galicia, e gran distancia estaría o investimento do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, con 12,2 millóns de euros (6,2% do total).

Xunto a este investimento é importante mencionar, pola súa importancia, o investimento real do sector público empresarial do Estado en Galicia. No ano 2021 o investimento real ascendeu a 309 millóns de euros, o que significa o 7% do total en España e o 8,1% do total rexionalizable. Atendendo á distribución segundo entidade, a contía máis importante corresponde ao ADIF-Alta Velocidade, que concentra máis da me-

Licitación pública en Galicia e España 2020-21: distribución segundo administracións

	2020		2021		21/20	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
		(en millóns de euros)			(%)	(%)
Administración Xeral do Estado	281,1	3.315,0	803,1	7.899,2	185,7	138,3
Mº Transportes, Mov. e Ag. Urb.	223,2	2.141,9	586,8	6.269,6	162,9	192,7
Mº para a Transición Ecolóxica	2,1	369,5	115,3	667,0	5.467,6	80,5
Resto Admón. Xeral	55,9	803,6	101,1	962,6	80,9	19,8
Administración Autonómica	551,1	5.012,3	559,1	6.839,1	1,4	36,4
Administración Local	326,3	6.213,9	473,9	8.960,6	45,2	44,2
Concellos	272,9	4.831,4	423,8	7.007,4	55,3	45,0
Outras Administracións	53,4	1.382,5	50,1	1.953,2	-6,2	41,3
Total licitación	1.158,6	14.541,1	1.836,1	23.698,9	58,5	63,0

Execución orzamentaria do capítulo 6 "investimento reais" do orzamento de gastos da Administración xeral do Estado en Galicia 2021 (ata o 31 decembro)

	Crédito inicial (*) Euros		Obrigas recoñecidas Euros		Obrigas / C.Inicial
Total Galicia	285.653.590,00	100,0%	199.064.860,64	100,0%	69,7%
Mº de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana	195.876.400,00	68,6%	110.514.521,98	55,5%	56,4%
Mº de Defensa	65.611.190,00	23,0%	66.931.424,28	33,6%	102,0%
Mº para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico	23.620.000,00	8,3%	12.411.691,65	6,2%	52,5%
Mº de Agricultura, Pesca y Alimentación			3.613.643,88	1,8%	
Contratación centralizada			2.479.212,51	1,2%	
Mº del Interior	546.000,00	0,2%	2.328.072,59	1,2%	426,4%
Mº de Hacienda			321.594,16	0,2%	
Mº de Política Territorial y Función Pública			242.923,77	0,1%	
Mº de Cultura y Deporte			160.003,75	0,1%	
Mº de Trabajo y Economía Social			48.393,95	0,0%	
Mº de Asuntos Económico y Transformación Digital			8.896,40	0,0%	
Mº de Industria, Comercio y Turismo			2.498,49	0,0%	
Mº de Justicia			1.641,13	0,0%	
Consejo General Poder Judicial			342,10	0,0%	
Total España	8.223.236.150,00		7.357.925.095,93		89,5%
Galicia /España	3,5%		2,7%		
Total España Rexionalizable	3.953.772.850,00		4.160.909.508,43		105,2%
	7,2%		4,8%		

tade do investimento, con 164,7 millóns de euros, por diante do ADIF, con 51,2 millóns de euros. En conxunto, a entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias concentra o 70% do investimento. En terceiro lugar se sitúa Puertos del Estado e Autoridades Portuarias, con 38,6 millóns de euros, o 12,5% do total galego.

Execución de investimentos reais do sector público empresarial e funcional do exercicio 2021 en Galicia. Distribución segundo entidade

	Investimento inicial (*) Euros		Investimento real Euros		Real/inicial
Total Galicia	488.594.000,00	100,0%	308.993.739,49	100,0%	63,2%
Entidad Pública Empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias-Alta Velocidad (ADIF-AV)	62.182.000,00	12,7%	164.650.000,00	53,3%	264,8%
Entidad Pública Empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF)	146.396.000,00	30,0%	51.160.750,00	16,6%	34,9%
Puertos del Estado y Autoridades Portuarias (consolidado)	113.943.000,00	23,3%	38.563.499,51	12,5%	33,8%
Sociedad Estatal de Participaciones Industriales (SEPI) (consolidado)	57.819.000,00	11,8%	16.876.000,00	5,5%	29,2%
ENAIRE (grupo)		4,9%	12.096.670,00	3,9%	50,4%
Consorcio de la Zona Franca de Vigo	23.995.000,00	10,6%	12.050.000,00	3,9%	23,2%
RENFE-OPERADORA (grupo)	51.856.000,00	4,6%	9.860.739,98	3,2%	43,8%
Sociedad de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios y de la Seguridad del Estado, S.M.E., S.A. (SIEPSE)	22.512.000,00	1,6%	2.310.820,00	0,7%	29,4%
SEPES Entidad Pública Empresarial de Suelo (SEPES consolidado)	7.864.000,00	0,0%	803.000,00	0,3%	
Sociedad Mercantil Estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A. (ACUAES)	0,00	0,3%	434.770,00	0,1%	33,1%
Corporación de Radio y Televisión Española, S.A., S.M.E.	1.314.000,00	0,1%	248.000,00	0,1%	36,9%
Consorcio de Compensación de Seguros (CCS)	672.000,00	0,0%	9.100,00	0,0%	
VIGO ACTIVO, Sociedad de Capital Riesgo, S.A., S.M.E.	0,00	0,0%	3.390,00	0,0%	84,8%
Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología, F.S.P.	4.000,00	0,0%	0,00	0,0%	0,0%
Sociedad Estatal de Infraestructuras del Transporte Terrestre, S.M.E., S.A. (SEITTSA) (1)	37.000,00	0,0%	-73.000,00	0,0%	
	0,00				
Total España	9.106.952.000,00		4.422.787.767,01		48,6%
	5,4%		7,0%		
Total España Rexionalizable	8.395.424.000,00		3.832.997.737,01		45,7%
	5,8%		8,1%		

(*) Investimento presupostado no Anexo de investimentos reais e programación plurianual (distribución orgánica)

(1) O importe negativo de investimento real en Galicia é debido a unha menor indemnización devengada en 2019, segundo a información facilitada pola propia entidade.

Fonte: Ministerio de Hacienda

AGREGADOS DA OFERTA

Ao igual que acontecía no derradeiro trimestre de 2021, o crecemento do PIB en Galicia no primeiro trimestre explícase fundamentalmente polo comportamento do sector servizos, impulsado polas actividades do comercio, transporte e hostaleira, así como polo sector primario. Isto contrasta cunha nova contracción experimentada pola construción, así como polo conxunto da actividade industrial (incluídas as actividades extractivas, manufactureiras e enerxéticas) a pesar da medra que presenta a industria manufactureira.

Dunha banda, o sector que presenta un maior dinamismo é no sector servizos, cunha taxa de variación interanual do 8,7% en Galicia, tres décimas superior á rexistrada en España. Este maior crecemento ven dado en boa medida polo comportamento do subsector de comercio, transporte e hostalería, cunha medra interanual do 23,9% en Galicia, máis de catro puntos por riba do estimado para a economía española (19,7%). Por contra, chama a atención o elevado diferencial existente entre o incremento do veb xerado polas actividades artísticas, recreativas e outros servizos, cunha medra do 2,6% en Galicia fronte ao 16,1% no conxunto do Estado. As actividades do sector primario presentan unha medra interanual do 1%, o que contrasta coa contracción do 2,3% experimentada neste primeiro trimestre na economía española.

Fronte a este dinamismo do sector primario e os servizos, o veb xerado na construción redúcese un 1,8% respecto ao ano anterior, e o conxunto do sector industrial (industria extractiva, enerxía e industria manufactureira) contráese un 4,5%. Isto contrasta co experimentado na economía española, onde estes sectores presentan unha medra interanual do 0,7% e 0,9%, respectivamente. Con todo, ao igual que acontece co sector primario e os servizos, a industria manufactureira presenta unha evolución más favorable que no conxunto do Estado, estimándose unha medra interanual do 2,1% en Galicia fronte ao 1,4% na economía española.

Se se comparan os niveis do valor engadido en termos reais do primeiro trimestre de 2022 cos do derradeiro trimestre de 2019, os sectores de administración pública, sanidade e educación; as actividades inmobiliarias; as actividades financeiras e de seguros; e as de información e comunicación presentan unha mellor situación que en 2019 tanto en Galicia como en España. Asemade, como segunda característica cómpre destacar que o mellor comportamento da economía galega prodúcese no conxunto das ramas industriais manufactureiras, a construción, e o conxunto do sector servizos impulsado pola evolución do comercio, as actividades de información e comunicacións, ou a administración pública, sanidade e educación. No concernente

Produto Interior Bruto en Galicia e España 1º trimestre de 2022: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



ao comportamento do sector primario, no conxunto do Estado é un punto inferior ao nivel precise e se sitúa 4,2 puntos por baixo no caso de Galicia.

A contracción económica máis acusada na economía galega rexístrase no conxunto de actividades englobadas entre as actividades artísticas, recreativas e outros servizos, cuxo valor engadido no primeiro trimestre de 2022 representa o 87,2% do nivel precrise, seguido polo da construción, que supón o 88,4%. Atendendo ao diferencial existente entre a evolucións do PIB galego e español entre os dous períodos considerados cómpre resaltar que fronte á contracción experimentada no sector de comercio, transporte e hostalería no conxunto do Estado, Galicia supera xa o nivel precrise no primeiro trimestre do ano. Asemade, a caída rexistrada tanto nas actividades artísticas, recreativas e outros servizos como nas actividades profesionais é moito máis acusada en España que en Galicia. No primeiro caso, o veb atópase en España 22,6% por baixo do nivel precrise fronte aos devanditos 12,8 puntos en Galicia; mentres que a contracción das actividades profesionais é de 5,1

PIB real en Galicia e España no primeiro trimestre 2022. Indicadores de oferta. Base IV trimestre 2019 = 100



Fonte: IGE e INE

puntos en Galicia fronte aos 12,4 puntos en España.

Tendo en conta o forte impacto da crise orixinada pola pandemia, que supuxo case a paralización de determinadas ramas de actividade, para ver a súa incidencia na estrutura produtiva de Galicia é interesante comparala coa rexistrada no mesmo período dos dous anos anteriores. Dunha banda, tras o forte incremento da importancia relativa da administración pública, sanidade e educación no primeiro ano da pandemia, esta rama de actividade reduce o seu peso no valor engadido total concentrando no primeiro trimestre de 2022 o 19,4% do veb galego (21% no mesmo período do ano anterior). No extremo oposto, o subsector de comercio, transporte e hostalería, tras o acusado impacto negativo das medidas aprobadas para frear a expansión da pandemia, se recupera ao longo de 2021 para terminar concentrando no primeiro trimestre de 2022 o 23,4% do veb (19,8% no mesmo período do ano anterior).

Asemade, cómpre mencionar que o peso da industria manufactureira mantense estable en torno ao 13% no primeiro trimestre dos últimos tres anos considerados, porcentaxe que se sitúa moi lonxe do obxectivo do 20% establecido para o ano 2020. No comezo

da crise económica e financeira no ano 2008 o seu peso relativo era do 14,1%, reducíndose ata o 12,4% ao comezo da recuperación económica en 2014. Vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, as actividades profesionais presentan unha lixeira caída ao concentrar o 6,2% fronte ao 6,7% no mesmo trimestre de 2021. O sector primario reduce lixeiramente a súa importancia relativa, ao representar o 4,7% do valor engadido xerado pola economía galega, tres décimas menos que no ano anterior.

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

Produtividade do factor traballo

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega entendida como o cociente entre o PIB real e o número de horas efectivamente traballadas ou o número de postos de traballo equivalente a tempo completo. O que mide á a cantidade producida por unha economía tanto en termos das horas traballadas como dos postos de traballo así considerados.

No concernente á produtividade medida en termos de horas efectivamente traballadas, o primeiro trimestre de 2022 caracterízase por unha medra interanual da produtividade en Galicia do 0,4%, resultado dunha medra do PIB real do 5,1% e un incremento do 4,7% das horas traballadas. Isto contrasta cunha caída da produtividade no conxunto do Estado do 1,1% como consecuencia dun incremento do emprego do 7,5% e do 6,4% da actividade económica. Se o indicador de ocupación que se considera é o do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, tanto Galicia como España presentan un incremento da súa capacidade produtiva, sendo esta mellora máis acusada no conxunto do Estado: 0,9% e 1,1%, respectivamente.

Produtividade aparente do factor traballo no 1º trimestre 2022. Taxas de variación interanual

HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	5,1%	4,7%	0,4%	6,4%	7,5%	-1,1%
Sector primario	1,0%	-5,3%	6,3%	-1,3%	-0,2%	-1,1%
Industria	-4,5%	-0,1%	-4,4%	1,3%	1,2%	0,1%
Industria manufactureira	2,1%	-0,8%	2,9%	2,0%	1,6%	0,4%
Construción	-1,8%	0,1%	-1,9%	1,1%	6,2%	-5,1%
Servizos	8,7%	7,4%	1,3%	8,3%	9,0%	-0,7%

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	5,1%	4,2%	0,9%	6,4%	5,3%	1,1%
Sector primario	1,0%	-2,0%	3,0%	-1,3%	1,8%	-3,1%
Industria	-4,5%	1,1%	-5,6%	1,3%	1,3%	0,0%
Industria manufactureira	2,1%	1,3%	0,8%	2,0%	2,2%	-0,2%
Construción	-1,8%	5,0%	-6,8%	1,1%	4,8%	-3,7%
Servizos	8,7%	5,4%	3,3%	8,3%	6,1%	2,2%

Produtividade aparente do factor traballo en Galicia no primeiro trimestre 2014, 2020-2022. (España = 100)





Se se considera o PIB en termos monetarios, Galicia presenta unha produtividade aparente do factor traballo inferior á da economía española en todos os sectores agás na construción. Como se reflicte no último gráfico, a produtividade da economía galega no cuarto trimestre do ano é un 3,5% inferior á media española medida en termos de horas traballadas e un 5,7% no caso dos postos de traballo a tempo completo. En ambos os dous casos o diferencial con respecto á media española mellora ao longo dos últimos anos, pasando do 87,8% da media española no primeiro trimestre de 2014 aos 94,3% no último trimestre no caso do traballo equivalente a tempo completo, e 84% a 96,5% no devandito período no caso da produtividade en termos de horas traballadas.

Atendendo á distribución segundo sector de actividade cómpre sinalar en primeiro lugar que tan só a construción presenta unha produtividade aparente superior á media estatal. No primeiro trimestre de 2022 a produtividade aparente en termos de horas traballadas representaba o 128% e o 107,1% termos de postos de traballo equivalente, porcentaxes significativamente superiores aos do ano 2014, co 84% e 93%, respectivamente. Asemade, o sector servizos presenta un mellor comportamento relativo, ascendendo a PFT medida en termos de horas de traballo ata o 99,4% (83,5% no ano 2014) e ata o 98,2% se se mide en relación ao postos de traballo equivalente a tempo completo (87,6% en 2014).

A diferenza do acontecido no primeiro trimestre de 2021, a industria manufactureira galega presenta unha mellora relativa no primeiro trimestre deste ano. Con todo, aínda presenta valores reducidos en relación á media española. A produtividade das actividades manufactureiras galegas supoñía o 77,7% da media estatal medida en termos de traballo equivalente a tempo completo e un 85,5% no caso das horas traballadas, situándose estas porcentaxes no 74,6% e 80,3% no ano anterior, respectivamente. Nas actividades do sector primario, a produtividade en termos de horas traballadas sitúase no 82% da media estatal, o que supón unha mellora importante tendo en conta que no primeiro trimestre de 2020 situábase por baixo do 70%.

O MERCADO DE TRABALLO NO TERCEIRO TRIMESTE DE 2021

O primeiro trimestre de 2022 consolida en Galicia, case de xeito xeneralizado, o proceso de traslado da reactivación da actividade económica acontecido en 2021 ao mercado laboral. Os seus principais indicadores reflicten unha evolución favorable, agás no caso da poboación parada e taxa de paro que amosan unha tendencia desfavorable respecto á finalización de 2021.

A poboación activa galega recuperou no primeiro trimestre de 2022 a tendencia crecente rachada en decembro de 2021. Sen embargo, non se chegou a acadar o máximo de persoas en activo do terceiro trimestre do pasado ano, acontecendo algo semellante coa taxa de actividade.

Na evolución trimestral da ocupación en Galicia recollida en taxas pode comprobarse como, tralo espectacular incremento acontecido no segundo trimestre de 2021 (consecuencia do shock da pandemia), dende a segunda metade do ano pasado mantense unha tendencia crecente tanto en termos de postos de traballo a tempo completo como de afiliacións á Seguridade Social.

En canto á evolución do desemprego, é neste indicador onde se recollen os peores datos na evolución do mercado laboral galego. Así, no primeiro trimestre continuouse a senda crecente comezada no último trimestre de 2021 na poboación parada e a súa taxa de paro. O trazo positivo haino que buscar no paro de longa duración que, tralo incremento do pasado trimestre, voltou a recuperar a súa tendencia decrecente.

Unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo en Galicia no primeiro trimestre de 2022 parte da análise dos indicadores básicos do mercado laboral xunto coa súa comparación co resto das Comunidades Autónomas : taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade. Como primeiro aspecto positivo do comportamento do mercado de laboral galego cómpre mencionar a mellora de todos estes indicadores en termos inter-anuais. En canto á evolución con respecto ao último trimestre tamén a evolución é positiva aínda que non en todos os indicadores xa que logo a taxa de paro inter-trimestral experimenta un leve empeoramento.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos aumenta no primeiro trimestre do ano ata o 52,7%, sete décimas por riba do estimado en 2021. Deste xeito, como ven

acontecendo nos últimos trimestre Galicia mantense como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias, cun 52,7%, aumentando o diferencial con respecto ao conxunto do Estado, que se mantén constante ao situarse no 58,5%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos ascende en Galicia ata o 46,6%, se ben aumenta o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,9 puntos fronte aos 3,5 puntos do ano anterior (no conxunto do Estado ascende ata o 50,5%). Esta porcentaxe posiciona a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (43,9%), Estremadura (44,5%), e Andalucía (45,4%).

A taxa de paro galega descende no último ano ata o 11,4%, máis de dous puntos por baixo da media estatal (13,7%), o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA.

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2020-2022

miles de persoas	2020	2021	2019	2020	2021				2022
					I	II	III	IV	I
Poboación maior de 16 anos	2.339,0	2.340,9	2.337,1	2.338,6	2.341,3	2.340,5	2.340,9	2.340,8	2.340,2
Poboación activa	1.220,9	1.228,2	1.241,7	1.239,8	1.218,1	1.229,1	1.239,2	1.226,4	1.232,4
25 - 34 anos	210,7	207,0	221,4	218,8	206,2	206,4	209,3	206,0	207,8
Poboación ocupada	1.074,2	1.085,1	1.096,0	1.083,0	1.059,8	1.076,7	1.112,5	1.091,3	1.091,4
Conta propia	205,3	208,2	212,4	210,4	207,6	209,5	209,1	206,6	199,0
Conta allea	868,6	876,4	883,3	872,1	851,8	867,0	902,5	884,3	892,2
Outra situación	0,4	0,5	0,4	0,5	0,4	0,2	0,9	0,4	0,2
Poboación parada	146,7	143,1	145,8	156,8	158,3	152,4	126,7	135,1	141,0
Parado longa duración	49,9	59,0	55,7	55,4	61,4	63,7	51,5	59,4	57,2
Poboación inactiva	1.118,1	1.112,7	1.095,4	1.098,8	1.123,2	1.111,4	1.101,7	1.114,4	1.107,7
Taxa de actividade	52,2%	52,5%	53,1%	53,0%	52,0%	52,5%	52,9%	52,4%	52,7%
Taxa de ocupación	45,9%	46,4%	46,9%	46,3%	45,3%	46,0%	47,5%	46,6%	46,6%
Taxa de paro	12,0%	11,7%	11,7%	12,6%	13,0%	12,4%	10,2%	11,0%	11,4%
Taxa de temporalidade	24,0%	24,5%	25,1%	25,1%	23,3%	24,2%	26,0%	24,3%	22,5%
Afiliacións (media trimestral)	996,0	1.014,4	1.016,5	998,7	992,8	1.008,5	1.030,9	1.025,4	1.023,8
Paro rexistrado (media trimestral)	180,3	163,4	165,1	169,5	184,0	164,6	152,1	153,1	153,9

Fonte: IGE

Poboación activa

O número de persoas activas en Galicia rachou en 2021 a súa tendencia descendente. O primeiro trimestre de 2022 confirmou este incremento acadando un total de 1.232.400 persoas. No primeiro trimestre do ano estímase unha medra de 14.300 persoas máis que no primeiro trimestre do ano anterior (1,2%) cando no primeiro ano da crise iniciada pola pandemia o descenso foi de 20.200 persoas (-1,6%). No conxunto do Estado a poboación acti-

Poboación activa: variacións 2020-2022



Fonte: IGE

va medra un 2,1%,.

As restricións de mobilidade dificultaron a procura activa de emprego, o que motivou unha significativa caída da poboación activa no ano 2020. Coa reactivación económica a partir do segundo trimestre de 2021, o mercado laboral galego presenta unha medra da poboación activa.

No que a distribución segundo sexos se refire, o primeiro trimestre de 2022 amosa un cambio relevante nas variacións interanuais posto que, fronte o que acontecera en 2021, a taxa é superior para os homes que para as mulleres (7,6 fronte 6,7%, respectivamente). Non se da esta circunstancia para as variacións intertrimestrais onde o incremento porcentual para as mulleres é superior ao dos homes (3,7 fronte 2,4%, respectivamente no primeiro trimestre de 2022)

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade 1º trimestre 2022

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	52,7%	58,5%	Madrid (63,9%) Baleares (63,1%) Cataluña (60,6%) A Rioxa (60,0%)	Asturias (49,9%) Galicia (52,7%) Cantabria (54,3%) Castela e León (54,7%)
Taxa de ocupación	46,6%	50,5%	Madrid (56,3%) Cataluña (54,4%) A Rioxa (53,3%) Aragón (53,2%)	Asturias (43,9%) Estremadura (44,5%) Andalucía (45,4%) Galicia (46,6%)
Taxa de paro	11,4%	13,7%	País Vasco (8,7%) Aragón (10,1%) Cataluña (10,2%) Navarra (10,4%)	Canarias (20,3%) Andalucía (19,4%) Estremadura (19,0%) Baleares (18,0%)
Taxa de temporalidade	22,5%	24,2%	Madrid (18,7%) Cataluña (20,2%) Cantabria (20,7%) A Rioxa (21,6%)	Andalucía (32,2%) Estremadura (29,7%) Canarias (29,0%) Murcia (26,7%)

Fonte: INE

O incremento da poboación activa prodúcese tanto no caso dos homes como de mulleres. Asemade, cómpre resaltar que o incremento ven explicado pola evolución da poboación activa entre as persoas españolas e de nacionalidade estranxeira, polas persoas con estudios superiores e nos maiores de 45 anos. Dunha banda, no primeiro trimestre de 2022 a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra un 3,7% respecto ao primeiro trimestre de 2021 (4.500 persoas máis) fronte ao 0,9% no caso dos españois (9.900 persoas máis). Doutra banda, o número de activos medra en 14.800 persoas con estudos superiores (2,7%) e entre os comprendidos entre 45 e 54 anos

Poboación activa no ano 2022. Variación interanual



Fonte: IGE

en 9.700 (2,7%) e con máis de 55 anos en 4.700 (1,8%).

Fronte a este incremento, o maior descenso na poboación activa prodúcese na franxa de idade comprendida entre os 35 e 44, que no primeiro trimestre de 2022 foi dun 4,1% respecto ao primeiro trimestre do ano anterior (14.300 persoas). Esta circunstancia supón un cambio salientable fronte a trimestres anterior onde a maior caída producíase nos menores de 25 anos que, en este trimestre, experimentan un aumento en termos interanuais de máis de 12.000 persoas (concretamente 12.500 o que supón un extraordinario incremento do 29,6%)

Entradas e saídas da actividade

A Enquisa de fluxos da poboación activa reflicte que no primeiro trimestre de 2022 pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia un total de 59.000 persoas fronte a 51.700 que saíron da mesma nese trimestre. Deste xeito, o mercado laboral galego presenta un saldo positivo entre entradas e saídas da actividade (entras máis persoas das que abandona a activida-

Fluxo da poboación activa (persoas que entran e saen da actividade) no 1º trimestre 2019-2022. Evolución trimestral



	1º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	19.100	2.800	17,2%
2020	16.500	- 2.600	-13,6%
2021	20.000	3.500	21,2%
2022	20.000	-	0,0%

	1º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	27.400	5.100	22,9%
2020	29.800	2.400	8,8%
2021	35.200	5.400	18,1%
2022	24.900	- 10.300	-29,3%

	1º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	31.800	- 7.200	-18,5%
2020	26.000	- 5.800	-18,2%
2021	33.600	7.600	29,2%
2022	37.400	3.800	11,3%

	1º trim	TVA	
	(número)	(número)	(%)
2019	31.900	1.200	3,9%
2020	28.100	- 3.800	-11,9%
2021	27.400	- 700	-2,5%
2022	26.800	- 600	-2,2%

Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

de) o que contrasta co estimado nos primeiros trimestres de 2020 e 2021. No mesmo trimestre do ano anterior, pasaron a formar parte da actividade un total de 54.500 persoas e saíron 62.600 persoas.

No primeiro trimestre do ano 2022, das 57.400 persoas que entran na actividade e que no trimestre anterior formaban parte da poboación inactiva, 37.400 o fan cara o desemprego e 20.000 comezan a traballar (poboación ocupada). Por contra, no que ao fluxo de saída da actividade se refire, 26.800 persoas que no cuarto trimestre de 2021 estaban parados saen da actividade (600 persoas menos que no ano anterior) e 24.900 ocupados pasan a formar parte da poboación inactiva (10.300 persoas menos).

Evolución trimestral da ocupación en Galicia 2019-21



Fonte: IGE

Ocupación

A reactivación da economía galega observada en 2021 ten a súa traslación de xeito directo ao mercado de traballo atendendo á evolución das grandes cifras do nivel de ocupación e desemprego. Na evolución trimestral da ocupación en Galicia recollida en taxas pode comprobarse como, tralo espectacular incremento acontecido no segundo trimestre de 2021 (consecuencia do shock da pandemia), dende a segunda metade do ano pasado mantense unha tendencia crecente tanto en termos de postos de traballo a tempo completo como de afiliacións á Seguridade Social.

No concernente ao número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia, tras a caída interanual rexistrada no ano 2020 e a posterior reactivación no ano 2021. O primeiro trimestre reflicte unha medra do 3,1% do número medio de afilia-

cións, acadando as 1.027.358, 36.119 afiliacións máis que no primeiro trimestre do ano anterior. España presenta un mellor comportamento ao medrar un 4,8% respecto ao ano anterior, ascendendo o número medio de afiliacións ata as 19.834.504 persoas.

Cando consideramos a evolución mensual experimentada nos últimos 12 meses, cómpre resaltar os lixeiros descensos que se producen nos meses do verán (entre xullo e setembro), así como o acontecido nos dous últimos meses de 2021 (novembro e decembro). Por contra, o presente ano 2022 reflicte unha decidida tendencia crecente mes tras mes.. En termos absolutos, Cómpre mencionar polo que ten de limiar psicolóxico que, dende maio de 2021, Galicia supera o millón de afiliacións mensuais, acadando en marzo de 2022 un total de 1.027.358 afiliacións, o que supón un 3,6% máis das rexistrada no mesmo período do ano anterior.

Tanto a crise sanitaria como a posterior recuperación incidiron de maneira moi desigual entre as distintas ramas de actividade. No primeiro trimestre de 2022 as caídas de afiliacións máis acusadas en termos absolutos corresponden ás ramas da fabricación de vehículos de motor (CNAE 29), con 1.183 afiliacións menos respecto ao mesmo período do ano anterior; por diante do sector agrogandeiro (CNAE 01), con 1.043 afiliacións menos e das actividades dos fogares como empregadores de persoal (CNAE 97) con 636 afiliacións menos. En termos relativos cómpre mencionar a caída do 5,4% no caso do sector financeiro (CNAE 64), así como o 5,0% experimentado polo sector da fabricación doutor material de transporte (CNAE 30).

Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2017-2022



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

Por contra, as ramas de actividade que experimentaron o maior crecemento foron o subsector do servizo de comidas e bebidas (CNAE 56), o da educación (CNAE 85) e o do comercio ao retallo (salvo vehículos de motor) cunha medra de 7.250, 2.765 e 1.935 afiliacións máis que no mesmo período do ano anterior, respectivamente. En termos relativos salienta o incremento do 18,3%% experimentado polas actividades deportivas, recreativas e de entretemento (CNAE 62).

Afiliacións á Seguridade Social 1º trimestre 2021-2022: distribución segundo principais ramas de actividade

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	102.831	10,4	104.766	10,2	1,9	1.935
86 Actividades sanitarias	65.536	6,6	66.691	6,5	1,8	1.155
56 Servizos de comidas e bebidas	55.153	5,6	62.403	6,1	13,1	7.250
85 Educación	54.936	5,5	57.700	5,6	5,0	2.765
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	56.104	5,7	57.061	5,6	1,7	957
43 Actividades de construción especializada	47.902	4,8	49.513	4,8	3,4	1.611
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	47.350	4,8	48.454	4,7	2,3	1.104
49 Transporte terrestre e por tubaxe	33.625	3,4	33.668	3,3	0,1	43
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	34.649	3,5	33.606	3,3	-3,0	-1.043
10 Industria da alimentación	30.073	3,0	30.739	3,0	2,2	665
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	28.605	2,9	28.545	2,8	-0,2	-60
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.729	2,6	25.093	2,5	-2,5	-636
41 Construción de edificios	23.670	2,4	24.707	2,4	4,4	1.037
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.586	2,2	21.755	2,1	0,8	169
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	627.749	63,2	644.701	63,0	2,7	16.952
Total	992.761	100	1.023.754	100	3,1	30.994

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
56 Servizos de comidas e bebidas	55.153	5,6	62.403	6,1	13,1	7.250
85 Educación	54.936	5,5	57.700	5,6	5,0	2.765
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	102.831	10,4	104.766	10,2	1,9	1.935
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	9.227	0,9	10.913	1,1	18,3	1.686
43 Actividades de construción especializada	47.902	4,8	49.513	4,8	3,4	1.611

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2021		2022		22/21	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	16.475	1,7	15.292	1,5	-7,2	-1.183
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	34.649	3,5	33.606	3,3	-3,0	-1.043
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.729	2,6	25.093	2,5	-2,5	-636
64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	8.888	0,9	8.407	0,8	-5,4	-481
30 Fabricación doutro material de transporte	5.610	0,6	5.328	0,5	-5,0	-282

(1) ramas CNAE 2009;

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras unha medra interanual do 3,0% Galicia conta con 1.091.400 persoas ocupadas, o que supón 31.600 máis que no mesmo ano anterior (aínda que se segue sen acadar o nivel máximo acadado no terceiro trimestre de 2019, cando foran 7.400 máis que neste trimestre). A taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos) modula a tendencia crecente experimentada en 2021, presentando un estancamento nos seus valores ao acadar no primeiro trimestre de 2022 o mesmo valor que no último trimestre de 2021 (un 46,6%), que supón 1,3 puntos porcentuais máis que no primeiro trimestre do ano pasado. No no conxunto do Estado medra seis décimas para situarse no 50,5%o que posiciona a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de ocupación, por diante de Asturias (43,9%), Estremadura (44,5%) e Andalucía (45,4%).

Este incremento da ocupación non se produce coa mesma intensidade entre homes e mulleres, producíndose en maior medida no caso das homes. Fronte o acontecido no ano 2021, onde os incrementos eran maiores na creación de emprego feminino, no primeiro trimestre de 2022 o emprego masculino aumenta en 17.600 persoas fronte ao incremento interanual de 14.100 persoas experimentado entre as mulleres. Como se amosa no gráfico da evolución trimestral da ocupación, o axuste do emprego foi máis acusado entre as mulleres dende o inicio da crise económica para, posteriormente, recuperar con maior intensidade chegando á situación deste 2022 onde a taxa trimestral masculina supera a feminina (17,6 fronte 14,1%, respectivamente).

No primeiro trimestre de 2022 a taxa de ocupación aumenta lixeiramente en Galicia ata o 51,4% no caso dos homes, máis de nove puntos superior á estimada para a ocupación feminina (42,3%). Ambas porcentaxes mantéñense por baixo do estimado para o mercado laboral español: 55,8% e 44,4%, respectivamente.

No que á evolución ao longo dos últimos doce meses se refire, cómpre mencionar a recuperación no ritmo de crecemento da ocupación logo da ralentización no seu crecemento no ano 2021. Así, comeza o ano 2022 cun crecemento do 3,0% interanual no primeiro trimestre, cando a longo do ano pasado a taxa máis alta acadada foi de 2,8% (no terceiro trimestre). En termos absolutos o primeiro trimestre de 2022 remata cunha medra da poboación ocupada de 31.600 persoas, das que 14.100 son mulleres e os restantes 17.600 homes (0,8% e -0,7%, respectivamente).

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA para o primeiro trimestre de 2022, xunto co maior crecemento do emprego entre os homes, con carácter xeral pode afirmarse que o incremento do emprego prodúcese en maior medida en persoas sen estudios, no sector da construcción, entre asalariados e directores e xerente, e nas persoas máis xoves (entre 16 e 19 anos). No extremo oposto redúcese a ocupación entre os traballadores por conta propia, con educación primaria e empregadas no sector primario.

Atendendo á situación profesional dos ocupados, no primeiro trimestre de 2022 aumenta a ocupación por conta allea se ben non acontece o mesmo na ocupación por conta propia (os primeiros aumentan un 4,6% mentres que os segundos descenden un 4,0%.

Evolución trimestral da poboación ocupada 2019-21: distribución segundo sexo



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Por último, cómpre resaltar que o axuste do emprego céntrase fundamentalmente nas persoas cos estudos primarios, o que contrasta coa medra estimada no caso daquelas persoas sen estudos. O número de persoas ocupadas con educación primaria descende un 12,9% (19.000 persoas ocupadas menos), situándose esta caída no 7,3% entre as mulleres (6.900 persoas menos) e no 12,1% nos homes (12.100 ocupados menos). Por contra, entre as persoas sen estudios a ocupación medra un 29,6% (2.300 persoas), concentrándose este incremento maioritariamente nos homes (1.800 varóns vs. 500 mulleres).

Tras esta evolución o sector servizos concentra no último ano o 71,9% da poboación ocupada en Galicia, o que supón un total de 785.400 persoas, representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14,3% (156.500 persoas ocupadas). O sector da construción concentra o 6,9% da poboación ocupada total en Galicia (75.600 persoas) e as actividades do sector primario o 5,7% (61.900 persoas). No

Poboación ocupada en Galicia 1º trimestre 2022: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia 2021 (en miles de persoas)			Galicia 2022 (%)			Galicia 22/21 (%)		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
TOTAL	575,7	515,7	1.091,4	5,3	5,5	5,4	3,1	2,7	2,9
Sectores económicos									
Sector primario	40,0	21,8	61,8	6,4	11,0	7,5	-6,7	-7,2	-6,7
Industria	117,9	51,0	168,9	5,9	7,2	6,3	-6,4	17,2	0,2
Construción	69,1	6,5	75,6	5,8	4,9	5,7	7,7	7,7	7,7
Servizos	348,6	436,4	785,0	5,0	5,3	5,1	6,9	1,5	3,9
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	117,3	81,6	199,0	5,8	7,4	6,3	-2,3	-6,5	-4,0
Empregador	40,4	26,4	66,9	6,1	8,6	6,9	1,2	-0,4	0,9
Empresarios sen asalariados	75,5	51,8	127,4	5,7	6,9	6,1	-2,0	-9,6	-4,9
Membros cooperativas	0,4	0,4	0,9	2,1	4,7	3,3	12,5	-20,0	-
Axuda na empresa ou negocio familiar	0,9	2,9	3,9	3,6	8,1	6,4	-84,0	-	-34,7
Asalariados	458,4	433,9	892,2	5,2	5,3	5,3	4,7	4,5	4,6
Sector público	75,9	117,5	193,4	5,3	5,8	5,6	-6,9	-0,6	-3,2
Sector privado	382,4	316,4	698,8	5,2	5,1	5,2	7,0	6,4	6,7
Outra situación	-	0,2	0,2	-	1,9	1,4	-100,0		-100,0
Ocupación									
Directores e xerentes	26,2	13,8	40,0	4,6	4,6	4,6	10,4	6,9	9,0
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	76,5	117,8	194,3	4,7	5,1	4,9	-1,6	2,7	0,9
Técnicos e profesionais de apoio	79,3	46,7	126,0	5,5	5,2	5,4	-	1,9	0,7
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	28,4	65,6	94,0	4,2	4,6	4,4	-8,4	1,8	-1,5
Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	82,1	159,2	241,3	5,0	6,4	5,9	13,4	3,7	7,0
Trab. cualificado no sector primario	30,8	17,9	48,8	8,9	21,8	11,4	-7,6	-14,5	-10,3
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	129,1	17,7	146,8	6,6	11,2	7,0	5,4	6,0	5,4
Operadores	78,8	16,5	95,3	5,8	8,2	6,1	0,7	38,4	6,9
Ocupacións elementais	40,3	60,1	100,4	3,8	4,2	4,0	12,3	-1,3	3,4
Ocupacións militares	4,3	0,3	4,6	4,6	2,4	4,3	-21,2	-32,4	-24,6
Grupos de idade							-	-	-
16-19 anos	4,5	0,4	5,0	5,5	0,7	3,5	77,5	-12,1	48,7
20-24 anos	19,7	12,5	32,2	4,0	2,9	3,5	24,8	19,7	22,8
25-34 anos	87,5	82,0	169,5	4,5	4,5	4,5	1,7	1,9	1,8
35-44 anos	160,9	146,1	307,1	5,6	5,8	5,7	-1,3	-0,1	-0,7
45-54 anos	180,5	160,8	341,3	5,6	6,0	5,8	4,9	4,9	4,9
55 e máis anos	122,5	113,7	236,2	5,6	6,2	5,9	2,1	1,8	1,9
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos e educación primaria incompleta	1,8	0,5	2,3	1,1	0,7	1,0	94,1	-20,0	29,6
Educación primaria	12,1	6,9	19,0	2,9	3,0	2,9	-17,4	-7,3	-12,9
Educación. secundaria	320,3	226,2	546,5	5,5	5,5	5,5	3,1	1,4	2,4
Educación superior	241,6	282,0	523,6	5,5	5,8	5,6	4,5	4,5	4,5

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

éido do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é o de comercio, cun 16,0% da poboación ocupada, por diante das actividades de información, financeiras e inmobiliarias, cun 14,91%. Ao comparar esta estrutura coa existente no mesmo trimestre do ano 2021, cómpre salientar o incremento experimentado pola pola hostalería (24,7 puntos porcentuais) o que contrasta coa diminución de case sete puntos (-6,8%) no caso das actividades de educación.

Cando consideramos un ámbito temporal máis amplo (dende o ano 2019) tan só o sector servizos presenta unha medra do seu peso relativo, pasando do 65,1% ata o mencionado 71,9%, o que contrasta coas reducións experimentadas pola agricultura (cinco décimas) ou pola industria manufactureira (-1,8 puntos).

Poboación ocupada en Galicia no primeiro trimestre de 2022: distribución segundo sexo e ramas de actividade

Poboación ocupada

	2022 (en miles de persoas)			22/21 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.091,4	575,7	515,7	3,0%	3,2%	2,8%
Sector Primario	61,9	40,1	21,8	-6,6%	-6,3%	-7,2%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	44,0	27,0	17,0	-2,0%	4,7%	-11,5%
Pesca e acuicltura	17,8	13,0	4,8	-16,8%	-23,5%	9,1%
Industria	168,9	117,9	51,0	0,2%	-6,6%	20,6%
Industrias extractivas	3,6	3,4	0,2	-18,2%	-22,7%	
Industria manufactureira	156,5	108,5	48,0	2,2%	-3,3%	17,4%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	8,7	5,9	2,8	-20,9%	-38,5%	100,0%
Construción	75,6	69,1	6,5	7,7%	7,8%	6,6%
Servizos	785,0	348,6	436,4	4,0%	7,2%	1,6%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	174,6	86,0	88,6	8,2%	13,6%	3,4%
Transporte e almacenamento	51,4	41,2	10,2	-3,7%	-5,1%	1,0%
Hostalaria	67,6	28,7	39,0	24,7%	35,4%	18,2%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	162,1	87,0	75,1	5,1%	14,0%	-3,6%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	67,8	38,7	29,1	-2,3%	0,3%	-5,8%
Educación	71,3	20,3	51,0	-6,8%	-20,1%	-0,2%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	113,0	23,8	89,2	4,1%	-0,8%	5,3%
Resto de servizos	316,4	132,7	183,7	2,8%	13,2%	-3,6%

Fonte: IGE

Estrutura da ocupación en Galicia 2019 - 2021. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



duce nunha mellora da calidade de emprego na mesma intensidade tendo incremento dos asalariados con contrato temporal significativamente máis

intenso que dos que teñen un contrato indefinido. Dunha banda, ocupación a tempo parcial no primeiro trimestre de 2022 medra un 10,2 % respecto ao mesmo período do ano anterior (14.500 persoas máis) fronte ao 1,9% no caso da ocupación a tempo completo (17.100 persoas máis). Isto contrasta co acontecido no conxunto do Estado onde a xornada a tempo completo presenta unha medra interanual do 4,6%, o catro décimas máis que a da ocupación a tempo parcial.

Doutra banda, o número de persoas asalariadas con contrato temporal medra en termos interanuais no primeiro trimestre de 2022 un 0,8% (1.600 persoas máis) fronte ao 6,0% estimado entre aquelas persoas que teñen contratos indefinidos (38.900persoas). Este incremento é máis acusado no conxunto do Estado, onde o emprego asalariado medra un 3,2%, sendo esta porcentaxe do 7,6% no caso do emprego temporal e do 1,8% no indefinido. O citado incremento do emprego temporal en Galicia afecta de xeito desigual segundo o sexo, posto que o incremento para o caso das mulleres é de case cinco punto (4,9%) mentres que para os varóns o que acontece é un descenso dun 3,7%. No que atinxe aos contratos indefinidos o incremento prodúcese en ámbolos dous casos: 7,1% nos homes e 4,7% nas mulleres (24.300 e 14.600 persoas, respectivamente).

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade sitúase no 22,5%, oito décimas menos que no primeiro trimestre de 2021 (26,3% no ano 2019). Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é considerablemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres é do 25,3% fronte ao 19,8% no caso dos homes. Asemade, cómpre resaltar que en comparación co estimado no ano 2019, a taxa da temporalidade redúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo máis acusada no caso dos homes).

Desemprego

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que no primeiro trimestre de 2022 conxunto do ano 2021, tras o incremento do ano 2020, continua a tendencia descendente do desemprego iniciada no ano 2014. A poboación parada en Galicia descende de en Galicia ata as 141.000 persoas, 17.300 persoas menos que no mesmo período do ano anterior, das que 76.400 son mulleres (54,2%) e 64.700 son homes (45,9%). En termos relativos, o desemprego descende un 3,9% respecto ao ano 2020 (ano afectado pola crise da COVID). Tras esta evolución, a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 11,4%, case dous puntos menos (1,6) que no mesmo período do ano anterior, porcentaxe que se sitúa 2,3 puntos por baixo da media estatal (13,7%).

Os datos do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia reflicten tamén ese descenso do desemprego, producíndose este con maior intensidade que o reflectido pola EPA. No primeiro trimestre de 2022 o número de persoas paradas rexistradas redúcese nun 15,2% respecto ao

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2020-2022.

			2019	2020	2021				2022
	2020	2021	IV	I	I	II	III	IV	I
					(en miles de persoas)				
Población parada	146,7	143,1	145,8	156,8	158,3	152,4	126,7	135,1	141,0
Homes	69,5	67,7	66,2	71,9	74,7	71,7	61,4	63,1	64,7
Mulleres	77,2	75,4	79,5	84,9	83,6	80,6	65,3	72,0	76,4
Desemprego de longa duración	49,9	59,0	55,7	55,4	61,4	63,7	51,5	59,4	57,2
					(Taxa de variación interanual; %)				
Población parada	0,5	-2,5	-2,1	1,9	1,0	6,9	-12,5	-5,3	-10,9
Homes	0,6	-2,6	-8,9	-7,2	3,9	-0,1	-11,0	-3,5	-13,4
Mulleres	0,5	-2,3	4,3	11,0	-1,5	14,0	-14,0	-6,9	-8,6
Desemprego de longa duración	-12,6	18,2	-9,0	-7,5	10,8	58,9	-4,1	18,6	-6,8
					(porcentraxe de poboación activa; %)				
Tasa de paro									
Total	12,0	11,7	11,7	12,6	13,0	12,4	10,2	11,0	11,4
Homes	10,9	11,7	10,3	11,1	11,8	11,3	9,5	9,9	10,1
Mulleres	13,2	10,6	13,3	14,3	14,3	13,6	11,1	12,2	12,9
Segundo nivel de estudos		12,8							
Estudos primarios	27,5	26,7	29,5	27,2	27,5	33,9	15,4	29,7	26,4
ESO. 1ª etapa	15,9	15,9	13,7	15,2	19,1	17,1	13,0	14,3	14,2
ESO. 2ª etapa	15,5	15,6	13,0	14,1	17,8	18,3	12,3	14,1	13,4
Educación superior	10,2	9,6	8,4	9,0	10,0	9,2	9,4	9,9	8,0
Segundo grupos de idade									
Menores de 25 anos	33,1	32,2	27,4	28,1	37,1	33,7	24,3	35,6	32,0
De 25 a 54 anos	11,7	11,0	11,2	12,5	12,8	11,7	9,7	9,8	10,7
Maiores de 55 anos	8,9	10,0	10,1	9,9	9,6	11,0	9,0	10,2	9,7
Segundo nacionalidade									
Española	11,3	10,7	11,0	12,0	11,8	11,5	9,6	10,1	10,5
Estranxeira	24,6	27,0	25,3	24,8	33,1	27,8	21,3	25,9	27,3

Fonte: IGE

mesmo período do ano anterior para situarse nas 153.336 persoas. Pese ao elevado da cifra, este descenso relativo non acada a dimensión do rexistrado no conxunto do Estado, onde o paro redúcese en máis de vinte puntos (un 21,3%respecto ao primeiro trimestre do ano anterior). Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos doce meses, cómpre resaltar a caída do paro rexistrado ata o mes de agosto dende 2021, permanecendo relativamente estable dende ese momento. Precisamente dende ese mes de agosto o desemprego sitúase por baixo do nivel acadado no ano 2019.

Evolución do paro rexistrado en Galicia 2018-2022: evolución mensual



Fonte: IGE

Centrándose na análise da poboación ocupada (EPA), as taxas de paro reflicten que o desemprego afecta en maior medida ao desemprego feminino. Dunha banda, a taxa de paro foi lixeiramente superior entre as mulleres, que se sitúa no 12,9% fronte ao 10,1% entre os homes. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o diferencial entre homes e mulleres é máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino sitúase no 15,4% e a masculina no 12,0% (3,4 puntos de diferencia fronte aos 2,8 puntos na comparación no mercado laboral galego.

En relación ao resto das Comunidades, a taxa de paro galega sitúase nunha posición intermedia, manténdose o País Vasco (8,7%) como a autonomía con menor desemprego, seguida de Aragón (10,1%) e Cataluña (10,2%). No que á taxa de paro masculina se refire, Galicia é a oitava comunidade con menor taxa de paro, tras Aragón, Cantabria e Pais Vasco, que presentan unha taxa de paro inferior ao 9%, Castela e León, A Rioxa, Asturias e Cataluña. Entre as mulleres, Galicia emprázase como quinta autonomía con menor taxa detrás de Pais Vasco, Navarra, Cataluña, Aragón en Navarra.

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha ban-

da, a taxa de paro entre os menores de 25 anos sitúase no 32,0%, máis de catro puntos por riba do estimado para o ano 2019 (27,8%), mentres que entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro é do 10,7% (11,3% en 2019) e entre os maiores de 55 anos descende ata o 9,7% (9,9% no ano 2019). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro sitúase no 26,4% no caso das persoas con estudos primarios fronte ao 8,0% amosa polas persoas con educación superior, o cal supón case vinte puntos de diferencia (18,4). Por último, a taxa de paro entre as persoas con nacionalidade española era do 10,5% fronte ao 27,3% entre os estranxeiros, que na comparación co conxunto do Estado resulta máis baixa no primeiro caso pero considerablemente máis alta na segunda ao situarse España con porcentaxes do 12,5 e 21,3%, respectivamente..

Un dos aspectos máis preocupantes é o importante incremento do desemprego de longa duración, indicador que o ano 2021 rachou a tendencia descendente iniciada en 2015. Porén, na primeiro trimestre de 2022 o número de persoas que levaban doce ou máis meses en situación de desemprego situábase en 57.200, case 4.000 persoas menos que no mesmo período de 2021, cun peso relativo no paro total galego do 40,6% . Isto supón que corenta de cada cen parados galegos son parados de longa duración, máis dun punto superior ao estimado no

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2022



Fonte: IGE

ano anterior, situándose esta porcentaxe no 39,1% no ano 2019 (53,4% ao comezo da recuperación económica en 2014).

O citado descenso do paro de longa duración prodúcese nos diferentes grupos de idade, agás entre as persoas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, que presenta un aumento do 4,5% respecto ao menos período do ano anterior (500 persoas máis). O maior descenso en termos absolutos experiméntase no caso daquelas persoas entre 35 e 44 anos, cunha diminución interanual de 1.900 persoas(-1,9%), ao tempo que a maior caída en termos porcentuais dáse entre as persoas entre 16 e 24 anos cun descenso extraordinario do 44,7% ao se reducir en 1.700 persoas.. Atendendo á distribución segundo o nivel de estudios, o maior descenso en termos absolutos experiméntase no segmento de poboación con educación secundaria, cunha diminución interanual de 3.400 persoas (-3,4%), ao tempo que a maior caída en termos porcentuais dáse entre as persoas sen estudios cun retroceso do 25,0% (100 persoas menos).

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS


ABANCA
Asociación Gallega Empresa Familiar
Casal de Armán
civisglobal
construimos entorno
COREN
CRTVG
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Cruz Roja
Domusvi
Cuidamos personas en buena compañía
Galuresa
Algo más que gasolineras
Hierros AÑÓN, S.A.
Estrella Galicia
JEALSA
MEGASA
Naturgy
GrupoNogar
PÉREZ RUMBAO
ReVi
Rodiñas
Rodman
CONSORCIO ZONA FRANCA VIGO
Grupo de investigación GEN
Universidade Vigo



//ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

II / 2022

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es